



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE TEO PARA O FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DUN INMOBLE PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE DÍA NO CONCELLO DE TEO

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

DECLARA:

Que este Consorcio ten previsto formalizar co Concello de Teo o instrumento convencional arriba referido por un período que abrangue desde a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Teo para o financiamento da adquisición dun inmovible, sito na Rúa do Atallo n.º 11, en Cacheiras, no Concello de Teo, para a construción dun centro de día municipal, e lograr así unha adecuada atención ás persoas maiores que precisan deste servizo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Concello de Teo, adherido ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio do convenio asinado o 27.7.2007, proxecta levar a cabo a construción dun Centro de Día para a atención ás persoas maiores deste concello,





sendo este un recurso social do que actualmente carece este, e que resulta imprescindible para dar resposta ás necesidades dunha poboación envellecida e que posibilita, ao mesmo tempo, a prestación dun apoio ás familias, que contarán así cun recurso para a conciliación da súa vida persoal e familiar.

Tendo en conta o anterior, e atendendo aos datos de envellecemento poboacional do Concello de Teo e ao elevado número de persoas maiores que precisarían do centro de día, resulta necesario desenvolver a colaboración administrativa necesaria para posibilitar a implementación deste servizo no concello, sustentado no marco estatal e autonómico de servizos de atención ás persoas dependentes e desenvolvemento da promoción da autonomía que permite ás persoas maiores un contexto de seguridade, proporcionando unha atención integral á persoa maior, pero tamén á familia coidadora e aos/as coidadores/as profesionais.

Neste sentido, para a construción do referido centro de día municipal, o Concello de Teo precisa levar a cabo previamente a adquisición do inmovible no que se ubicará o centro, e para tal fin, considerando a solicitude realizada polo concello, resulta necesario desenvolver a colaboración interadministrativa entre ambas as dúas partes para o financiamento da adquisición do inmovible para a construción do devandito centro de día.

Xa que logo, co fin de posibilitar a adquisición do inmovible para a construción dun Centro de Día polo Concello de Teo, e tendo en conta que o concello non dispón de recursos propios suficientes para a realización desta adquisición, cómpre desenvolver a colaboración interadministrativa necesaria para o seu financiamento, que permitirá ao Concello de Teo a adquisición do inmovible para a construción do Centro de Día, no que se ofrecerá unha alternativa de convivencia que manterá ás persoas maiores dentro do seu propio entorno, proporcionándolles unha atención integral adecuada ás súas necesidades.

Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no





desenvolvemento da actuación descrita, considerando esta xerencia que a necesidade da adquisición do inmovible e o interese común de posibilitar a construción dun Centro de Día no Concello de Teo, xustifica a colaboración do Consorcio no financiamento da antedita actuación, concretándose esta colaboración co Concello no convenio para tal fin.

O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento do convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024. Neste sentido, a extensión da posibilidade de financiamento ao abeiro do convenio das actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024 considérase axeitada e fundamentada legalmente, segundo o disposto no artigo 39 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece *"excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados, así como cando produzan efectos favorables para o interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas"*.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar achegará ao Concello de Teo para a realización das actuacións descritas un importe máximo de 180.000 euros, con cargo á partida 11.90.311A.760.00 dos orzamentos do Consorcio para o ano 2024.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2.





da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

